

TEMA 4. ECONOMÍA E SOCIEDADE NA GALICIA DOS AUSTRIAS

Os **Austrias** foron a dinastía reinante nos séculos **XVI** (Maiores) e **XVII** (Menores); neste período, **Galicia** resultaba un punto estratéxico para a relación por mar con **Flandes** (PPBB), polo que os **Austrias** reforzaron o seu poder en Galicia aproveitando tres institucións clave: o **Capitán Xeneral**, que actuaba como unha especie de **Vicerrei** ou **gobernador real**; a **Real Audiencia**, que actuaba como un tribunal de xustiza ao servizo do rei; e a **Xunta do Reino de Galicia***, que actuaba desde o **XVI** como órgano de consulta do rei, formado por representantes (nobres e fidalgos) das sete provincias galegas de entón, e que se reunía a petición do monarca cando este necesitaba recrutar máis tropas ou recadar impostos, sendo sempre moi servicial co rei e moi pouco reivindicativa.

Galicia, como o resto da Monarquía Hispánica, tiña unha economía e sociedade de tipo feudal, na que a inmensa maioría da poboación (80%) vivía no rural traballando terras da nobreza e do clero, cunha economía de subsistencia, que apenas daba para autoconsumo e pagar (en especie) as rendas señoriais.

A **agricultura** baseábase no cultivo de cereais (**trigo, centeo...**) con técnicas moi arcaicas, e debido a isto as fames ou crises alimentarias eran moi frecuentes entre a poboación. Ata que a mediados do **XVII** introdúcense na costa galega, desde América, dúas novas especies: o **millo** e a **patata**, que se estendéron rapidamente da costa cara o interior, e que permitiron ter máis terras cultivadas, máis alimento, e un importante aumento da poboación.

Ademais, na **Galicia costeira**, ao abundar os **minifundios** (terras moi pequenas, pouco produtivas), a poboación tivo que recurrir ao traballo no mar, mediante unha pesca con técnicas tradicionais, organizada en **gremios de mareantes** (asociacións que o controlaban todo na profesión) que chegaron a ter un enorme poder económico (como por exemplo o da cidade de Pontevedra). Destacaba a pesca da **sardiña**, que se salgaba para poder comerciar con ela, especialmente cara cidades españolas (Sevilla, Bilbao) ou europeas (Lisboa, Porto ou Amberes), e tamén as longas campañas de pesca de **bacallao** nas frías augas de Terranova, no Atlántico norte.

En canto á **sociedade**, tipicamente feudal, predominaba unha sociedade moi rural, con cidades moi pequenas, destacando apenas **Coruña** (que era sede das institucións da monarquía),

Pontevedra (pola importancia económica da pesca e o seu gremio de mareantes) e **Compostela** (por ser destino de peregrinaxe relixioso ata a tumba do apóstolo Santiago). E a pesar do moito litoral, o comercio por mar con América non era posible (monopolizado por **Sevilla**), e as moitas guerras e piratería limitaban notablemente as posibilidades de facer comercio marítimo.

A sociedade organizábase en **estamentos**, coa **nobreza** e **clero** (que era o estamento privilexiado) como propietaria de case todas as terras, que cedía aos campesiños a cambio do pago de rendas.

Precisamente aquí é onde aparecerá unha nova e emerxente figura, a do **fidalgo**, unha especie de baixa nobreza que, aproveitando a ausencia aquí dos grandes nobres galegos (que desde os **RRCC** foran levados a **Castilla** para ocupar importantes cargos na administración, ou que preferían arrendar esta xestión a outro para evitar o indigno traballo e entregarse só ao ocio), aproveitou para converterse no intermediario entre eses grandes señores e os seus campesiños, encargándose persoalmente estes fidalgos do cobro das **rendas ou foros** (por encargo dos señores), o que lles permitiu pasar a ser o grupo social máis importante na Galicia do século **XVII**, cun poder económico en ascenso, que amosará aos demais coa construción de luxosos pazos.